

**5ºA de Educación Primaria do CEIP Amaro Refojo:
A CALIDADE DA AUGA DO RÍO TÁMEGA**

1 Introducción

No presente curso, desde a aula de 5ºA de EP decidimos poñer en marcha un proxecto de investigación orientado a estudar a calidade da auga do Río Támega, que atravesa toda a nosa Comarca de Monterrei.

2 Procedemento

Logo de valorar as diferentes posibilidades para poder realizar esta investigación, decidimos empregar 10 plantas (caravel xaponés) que serán regadas coa auga de nove puntos (numerados por orde) diferentes do curso do devandito río:

- Concello de Laza:
 - o (1) Alberguería (nacemento do Támega)
 - o (2) Retorta
- Concello de Verín:
 - o (3) Tintores
 - o (4) A Pousa
 - o (5) Verín
 - o (6) Pazos
 - o (8) Tamagos
 - o (9) Feces de Abaixo
- Concello de Oímbra:
 - o (7) O Rosal

A décima planta será regada coa auga da billa e empregarémola para contrastar os resultados das diferentes medicións realizadas.

Cada día, ao longo da mañá, procedemos a regar e tomar as medidas pertinentes de cada unha das plantas obxecto de estudo.

3 Hipótese

A hipótese que se formulou desde a aula e logo de chegar a un consenso global dos 21 alumnos/as foi a seguinte:

As plantas que mostrarán unha maior marxe de crecemento serán aquelas que estean regadas coa auga dos puntos máis próximos ao nacemento do Río Támega.


4 Variables

As variables que mediremos serán:

- A altura total das plantas
- O grosor do talo
- A cantidade de flores: abertas e pechadas
- O diámetro da flor maior

5 Medicións

As medicións son levadas a cabo por cada un dos nenos/as da aula, xa que están repartidos por grupos para o coidado e estudo de cada unha das plantas. A ficha que se emprega para tomar as medicións é a seguinte:

CALIDADE DA AUGA NO RÍO TÁMEGA					
CEIP AMARO REFOJO			CURSO 2020/21		
MEDICIÓN Nº		LUGAR:			
PLANTA Nº:					
MEDICIÓN REALIZADA POR:					
DATA:					
ALTURA:	ALTURA ANTERIOR (CM):		DIFERENZA:		
	ALTURA ACTUAL (CM):				
FLORES:	ABERTAS:		DIÁMETRO MAIOR:		
	PECHADAS:				
TALO:	GROSOR:				

Cada alumno/a, por quendas, vai diariamente cunha regra a realizar as medicións á vez que rega a planta que ten ao seu coidado.

6 Recollida de datos

Os datos recollidos polo alumnado representarémolos en táboas que recollan a variación de altura e observaremos, ao remate da investigación, cal ou cales son aquelas plantas que medraron en maior medida.

7 Conclusións

Dado que o proxecto se tivo que iniciar na primavera, para asegurar a supervivencia das plantas, estaremos tomando medicións ata o final do presente curso 2020/21. Nese momento recolleremos por escrito as conclusións e aquelas dificultades e posibles variables non estudadas que variarían ou variaron ou nosos resultados.

8 Participantes

CALIDADE DA AUGA NO RÍO TÁMEGA	GALICIENCIA
CEIP AMARO REFOJO	CURSO 2020/21
Participantes	
<i>Alumnado</i>	
Aguirre Pedrosa, Alejandro	
Álvarez Estévez, Alessia	
Álvarez Nieves, Sabela	
Álvarez Videira, Patricia	
Araújo Pérez, Elena	
Bouzas González, Mara	
Carballo Diz, Martín	
Carrajo Barros, Alicia	
Castro Salgado, Catarina	
Coelho Losada, César	
Cortés Adegas, Kira	
Couto Carnero, Yeray	
Crespo Nogueira, Luis	
Da Silva Payo, Izan	
Dacosta Ferreira, Sara	
De Dios Blanco, Hugo	
Dos Santos González, Alicia	
Fernández Alonso, Anxo	
García López, Carlos	
Guidú Da Silva, Aleix	
Novoa Sotelo, Adriana	
<i>Profesorado</i>	
Titor: Afonso Rolán, Brais	